

O Goberno Municipal de Nigrán, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se decláran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (DOG de 12 de abril de 2004) a Comunidade Autónoma Galega propuxo unha serie de lugares á Rede Natura 2000 como consecuencia da aplicación da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Entre estes lugares atópase, nos Concellos de Nigrán e Baiona o Lic ES1140003 A Ramallosa, delimitándose o espazo protexido de 92 ha según a información cartográfica contida na Resolución de 30 de abril de 2004 (DOG de 19 de maio de 2004). Asimesmo a directiva 92/43/CEE establecía no Artigo 6, apartado 1 que os estados membros fixarían as medidas de conservación necesarias que implicarían, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos ós lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, otorgando un prazo de dous anos para que os estados membros puxeran en vigor as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento das disposicións establecidas. Ata o momento e transcurridos xa sete anos dende que a administración autonómica estableceu estas zonas de especial protección non se dispón da regulamentación axeitada que permita garantir a conservación, usos e xestión destes espazos de especial interés.

Asimesmo a Directiva 92/43/CEE no Artigo 18 sobre investigación instábase ós estados membros ó fomento da investigación e ós traballos científicos que contribúan a garantir a Biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e no Artigo 11 á vixilancia do estado de conservación das especies e dos hábitats prioritarios. En consonancia coa directiva europea, o concello de Nigrán, acolléndose ó Plan de Emprego de Galicia (PIEG) para o trienio 2007-2009 (Orde de 31 de xaneiro de 2007, DOG de 26 de febreiro de 2007) contratou dúas biólogas e dúas técnicas de medio ambiente que realizaron tarefas de diagnóstico de conservación dos espazos LIC de A Ramallosa e Monteferro. Froito deste traballo e a proposta da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Nigrán, os concellos do Val Miñor (Baiona, Gondomar e Nigrán) remitiron o 16 de marzo de 2009 á Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia unha proposta de ampliación do LIC de A Ramallosa.

Tras as sucesivas modificacións o 10 de xaneiro de 2011 a Comisión europea publicou a cuarta lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica (DOUE de 8 de febreiro de 2011) coa finalidade de incluír lugares adicionais propostos dende 2008 polos estados membros. Nesta lista non figuraba unha actualización do novo espazo delimitado para ampliación do LIC de A Ramallosa o que indica que a solicitude antedita non foi tramitada ata o momento.

Polo exposto, **sometese á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes

**ACORDOS,**



1.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia e ó Ministerio de Medio Ambiente do Goberno de España a inclusión da área de ampliación solicitada do LIC A Ramallosa (ES1140003).

2.- Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia á elaboración dos correspondentes Plans de Xestión dos espazos Rede Natura 2000.

8 de febreiro de 2011

Asdo.: O ALCALDE

Efrén Juanes Rodríguez